



SOLICITUDE DE USO DE INSTALACIÓNS

Entidade solicitante		
Responsable da entidade		
DNI da/o responsable		
Instalación solicitada		
Período da solicitude	do	ao
Horario da solicitude	Día da semana	Horario

1. Esta solicitude deberá ir acompañada do seguro de Responsabilidade Civil da entidade solicitante.
2. A entidade solicitante asume as condicións de uso que se describen no dorso desta solicitude.
3. A solicitude está suxeita á aprobación da mesma por parte do consello escolar do CEIP San Tomé.

Cambados, de de

Asdo:

CONDICIÓN DE USO DAS INSTALACIÓN DO CEIP SAN TOMÉ:

Cando a solicitude é aprobada polo consello escolar do CEIP San Tomé, a entidade solicitante considérase usuaria da instalación e, como tal, asume as seguintes condicións:

1. A entidade usuaria faise responsable de todos os danos materiais que se poidan causar na instalación durante o desenvolvemento da súa actividade. No caso de ser necesario o pagamento ou reposición dalgún material ou mobiliario danado o procedemento será o seguinte:
 - a. O colexio solicitará dous orzamentos e a entidade un, escollendo a opción máis económica das tres. A entidade usuaria realizará directamente o pagamento á empresa ou provedor encargada/o de levar a cabo a reparación ou substitución.
2. A entidade usuaria deberá facerse cargo da limpeza da instalación, ben de xeito directo ou ben a través dun acordo con terceiros (empresa de limpeza, concello...)
3. Non se poderán empregar elementos e materiais do colexio, salvo mesas e cadeiras (no caso do comedor). Pode facerse unha solicitude expresa para o emprego dun mobiliario ou material determinado, que deberá ser aprobada tamén polo consello escolar.
4. A entidade usuaria non poderá almacenar material propio na instalación do colexio, xa que carece de espazos para tal efecto.
5. A entidade usuaria recibirá un xogo de chaves para o desenvolvemento da súa actividade, facéndose responsable da apertura e peche da instalación. Está prohibida a realización de copias das chaves por parte do usuario.
6. No caso de necesidade da instalación por parte do colexio ou da ANPA para realización de actividades (reunións, escola de familias, asembleas, etc.) o uso da instalación queda suspendido para a entidade usuaria durante a celebración desa actividade.